

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE HACIENDA (DIRECCIÓN GENERAL DEL CATASTRO) E A XUNTA DE GALICIA (CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL), PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN E ACTUALIZACIÓN DE DATOS CATASTRAIS

ANTECEDENTES E OPORTUNIDADE

A Consellería do Medio Rural, de conformidade co establecido no Decreto 223/2022 do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, é o órgano da Administración galega ao cal baixo a superior dirección da persoa titular do departamento lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a recuperación das terras agrarias de Galicia para uso agrícola, gandeiro e forestal, finalidade que persegue a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, axencia pública autonómica adscrita a esta Consellería, actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia que regula a Lei 11/2021, do 14 de maio.

A Administración Xeral do Estado, a través da Dirección Xeral do Catastro, de conformidade co texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, ten atribuídas as competencias en materia de mantemento catastral. Estas funcións exerceranse pola Dirección Xeral do Catastro directamente ou a través das distintas fórmulas de colaboración que se establezan coas diferentes Administracións, entidades e corporacións públicas.

O artigo 21 da citada Lei 11/2021, do 14 de maio, prevé a formalización dun convenio de colaboración coa entidade responsable da elaboración e mantemento do Catastro Rústico na Comunidade Autónoma de Galicia para facilitar a actualización e o intercambio de información e modificación dos datos deste.





Tendo en conta o anterior, mediante este instrumento de colaboración preténdese establecer unha acción conxunta nesta materia, que ambas partes consideran necesaria para o cumprimento dos seus fins e o adecuado exercicio das súas funcións, de forma que se facilite o intercambio de información e a modificación dos datos que obran no Catastro, así como a súa actualización, sempre que isto sexa posible conforme á normativa catastral, mediante os procedementos establecidos na súa propia normativa.

FINALIDADE

Para os efectos sinalados, esta Consellería ten previsto formalizar coa Dirección Xeral do Catastro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de 4 anos, podéndose acordar a súa prórroga por un período máximo doutros catro anos en calquera momento anterior á finalización do prazo de vixencia.

OBXECTO

O seu obxecto é o establecemento do marco xeral de colaboración entre ambas institucións para o intercambio de información, derivados, entre outros, dos procesos de investigación da titularidade dos bens inmobles existentes en solo rústico ou en solos de núcleo rural, da revisión xeométrica e topográfica de fincas, así como dos procedementos e instrumentos de mobilización de terras levados a cabo pola Consellería a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, ademais do desenvolvemento das tarefas de interese común que se acorden, para lograr unha mellor eficiencia no exercicio das súas respectivas competencias.

En concreto, no marco deste convenio crearanse varios grupos de traballo para analizar os posibles procedementos que conduzan á actualización do Catastro, tanto dos titulares como das parcelas, sen prexuízo do cumprimento dos preceptos recollidos no texto refundido da Lei de Catastro Inmobiliario, nos seguintes ámbitos:

- Investigación da titularidade.
- Aproveitamentos forestais (cortas).
- Montes veciñais en man común, montes de utilidade pública, montes de varas e montes patrimoniais da Xunta de Galicia.
- Explotacións agrarias e Política Agraria Común (PAC).
- Reestruturación parcelaria e instrumentos de mobilización e recuperación de terras previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.





- Coordinación de actuacións en materia de segregacións.

FINANCIAMENTO

A realización das funcións obxecto deste convenio non implica a transferencia de medios materiais e persoais, nin comportará contraprestación económica algunha por ningunha das partes.

LEGALIDADE

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

En atención ao anterior e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Así mesmo, para a tramitación deste convenio tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico
Nicolas Vázquez Iglesias

